



Información  
en lectura  
fácil

**Eleccións autonómicas  
do 18 de febreiro de 2024**

# Que pasos debo seguir para votar no local electoral?



**XUNTA  
DE GALICIA**

**FADEMGA**  
 **Plena  
inclusión**  
Galicia

FADEMGA Plena inclusión Galicia.

Programa de Cidadanía Activa e Accesibilidade Cognitiva.


Subvencionado pola Xunta de Galicia (Programas IRPF).

Validación: equipo de validación de FADEMGA Plena inclusión Galicia.

Texto redactado e validado seguindo as pautas de lectura fácil de Inclusion Europe e a norma UNE 153101 EX.

Logotipo europeo de lectura fácil na portada © Inclusion Europe

Máis información en <https://www.inclusion-europe.eu/easy-to-read/>




## Para que é este folleto?

Este folleto recolle información importante sobre as eleccións autonómicas que se van celebrar este ano.

As eleccións autonómicas celébranse o domingo 18 de febreiro de 2024.

Neste folleto explicamos as cousas máis importantes que tes que saber para votar nestas eleccións.




## Que son as eleccións?

As eleccións son a forma que temos os cidadáns e as cidadás de elixir un goberno.


Nas diferentes eleccións eliximos ás persoas que queremos que gobernen por exemplo, en Galicia ou no noso concello.

As persoas que se presentan a unhas eleccións chámanse candidatas ou candidatos.



## Por que son importantes as eleccións?

As eleccións son importantes porque permiten que os cidadáns e as cidadás poidamos elixir ás persoas que gobernan por exemplo, en Galicia ou no noso concello.



## A quen votamos nas eleccións autonómicas?


Nas eleccións autonómicas votamos ás persoas que nos representan no Parlamento de Galicia.

O Parlamento de Galicia é o lugar onde se aproban as leis de Galicia.

O Parlamento de Galicia tamén:

- Controla o traballo da Xunta de Galicia.
- Revisa os gastos que fai a Xunta de Galicia.

Nas eleccións autonómicas eliximos aos deputados e deputadas do Parlamento de Galicia. Os deputados e deputadas do Parlamento de Galicia elixen ao deputado ou deputada que será o presidente ou presidenta da Xunta de Galicia.



## Que persoas poden votar nunhas eleccións?

Nas eleccións podemos votar todas as persoas que cumpramos estes 2 requisitos:

- Ter 18 anos ou máis.
- Estar anotado no censo electoral.  
O censo electoral é unha lista na que aparecen os nomes das persoas que poden votar nas eleccións.

Dende o ano 2019 **todas** as persoas con discapacidade intelectual poden votar.

## Como decido a quen votar?

Ás eleccións preséntanse moitos partidos políticos.

Cada partido político presenta o seu programa electoral.

Os programas electorais son documentos que recollen as ideas e accións que quere facer cada partido político.

Podes informarte dos programas electorais dos partidos políticos de diferentes formas:



- Podes ir a mitins dos partidos políticos. Os mitins son charlas dos partidos políticos.



- Podes informarte dos programas electorais nos medios de comunicación por exemplo, televisión, radio, periódico ou internet.



- Ás veces algúns partidos políticos envíanos ás nosas casas un resumo do seu programa electoral.

## De que formas podo votar?


Podes elixir unha destas formas para votar:

- Podes votar en persoa no teu local electoral.  
O local electoral tamén se pode chamar colexio electoral.
- Podes votar por correo.

## Que día teño que ir a votar?

As eleccións autonómicas  
son o domingo 18 de febreiro de 2024.





## Onde teño que votar?


Tes que votar no local electoral que che corresponde.

Para saber en que local electoral tes que votar podes mirar a tarxeta censual. A tarxeta censual é unha tarxeta que recibimos as persoas que podemos votar nunhas eleccións.

Esta tarxeta chega a túa casa antes do día das eleccións.

Nesta tarxeta aparece información importante por exemplo:

- O teu municipio ou concello.
- O local electoral que che corresponde.
- A mesa na que tes que votar.



## A que hora teño que ir a votar?

Podes ir a votar ao teu local electoral o domingo 18 de febreiro de 2024 de 9 da mañá a 8 da tarde.

## Que podo facer se necesito apoio para votar?

Se necesitas apoio para votar podes ir acompañado ou acompañada dunha persoa da túa confianza.

Por exemplo, as persoas que non saben ler ou teñen algunha discapacidade necesitan axuda doutra persoa para preparar o seu voto.

Isto chámase voto asistido.

## Que documentos teño que levar para poder votar?

Para poder votar tes que levar 1 destes documentos:

- O teu DNI.
- O teu carné de conducir.
- O teu pasaporte.

Tes que levar o documento **orixinal**.

Non pasa nada se o documento está caducado.



DNI




Carné de conducir



Pasaporte






## Como pode ser o meu voto?

As persoas que queremos participar nas eleccións podemos votar dunha destas formas:

- 1** Podes votar a un partido político.  
Votas a un partido político cando metes a papeleta do partido político que queres no sobre branco.
- 2** Podes votar en branco.  
Votas en branco cando non metes ningunha papeleta no sobre branco.  
Os votos en branco tamén contan.
- 3** Podes votar nulo.  
Votas nulo cando:
  - Metes unha papeleta rota no sobre.
  - Metes unha papeleta nun sobre roto.
  - Metes unha papeleta que non é a oficial no sobre.
  - Metes unha papeleta nun sobre que non é o oficial.
  - Metes unha papeleta sen sobre na urna.
  - Metes no sobre papeletas de partidos políticos distintos.
  - Metes unha papeleta ou un sobre escrito.

Os votos nulos non contan.



## Que pasos debo seguir para votar no local electoral?

Neste apartado vamos explicar os pasos que tes que seguir para votar no local electoral.



### **Paso 1.** **Busca a mesa.**

Busca a mesa na que tes que votar.  
Podes pedir axuda se a necesitas.

Recorda que na túa tarxeta censual podes ver a mesa na que tes que votar.



### **Paso 2.** **Prepara o teu voto.**

Vai á mesa das papeletas para preparar o teu voto.  
Se prefires preparar o teu voto de forma máis privada podes ir á cabina.

Na cabina tes papeletas e sobres para preparar o teu voto.  
Se levas o teu voto preparado da casa non necesitas facer este paso.



### **Paso 3.** **Vai á mesa.**

Vai á mesa electoral na que tes que votar.


Entrega o teu DNI, carné de conducir ou pasaporte **orixinal** ás persoas que están na mesa.



## **Paso 4.**

### **Vota.**

Mete o sobre na urna  
cando as persoas da mesa cho digan.



## **Necesitas máis información?**

Se queres máis información sobre as eleccións  
podes chamar ao teléfono 900 815 424.

Podes chamar dende as 9 da mañá  
ata as 8 da tarde.

A chamada é gratis.

Tamén podes consultar máis información  
na seguinte páxina:

<https://www.eleccionsgalicia2024.gal>

# O TEU VOTO CONTA!



Séguenos nas redes:



[www.fademga.org](http://www.fademga.org)